



Viños da Ribeira Sacra no MIHL

O acto de inauguración da exposición multidisciplinar aberta recentemente ao público baixo o título '8 MIHL', na sede do Museo Interactivo de la Historia de Lugo (MIHL), converteuse en algo máis que un evento puramente cultural. O evento foi aproveitado por responsables da denominación de orixe Ribeira Sacra para a presentación dos seus viños baixo o lema 'Un sabor, un paisaje'. Os asistentes tiveron ocasión de saborear diversos caldos adscritos a esta afamada denominación de orixe, tanto brancos como tintos, acompañados de diversos aperitivos. Ademais de comprobar unha vez máis a excelente calidade des-

te producto autóctono que forma parte importante da cultura local, trala presentación dirixida pola técnica do consello regulador Eva Alvarez Arza, o público congregado no Museo Interactivo de la Historia de Lugo tamén puido gozar da outra cultura, da artística. Así, tiveron ocasión de contemplar as obras de diversos artistas lucenses de distintas disciplinas que se amosan nese espazo. O evento contou tamén cunha actuación musical con guitarra e voz. Entre os asistentes non faltou a representación institucional co alcalde de Lugo, Xosé López Orozco, á fronte. Tamén estivo presente a concelleira de Cultura, Carmen Basadre, e outros representantes da corporación municipal lucense, entre outros. Fotos de J. Vázquez.

